

e tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar o traslado das ensinanzas de adultos que se imparten no IES Primeiro de Marzo de Baiona ao CPI Cova Terreña do mesmo concello, e modificar en tal sentido o anexo da Orde do 8 de maio de 2002 pola que se regula a autorización de ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros de educación e promoción de adultos (EPA) e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo.-Como consecuencia do anterior, móficanse as ensinanzas dos devanditos centros segundo figuran no anexo a esta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse a Secretaría Xeral e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptaren as medidas necesarias para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Celleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Código	Centro	Concello	Provincia	Ensinanzas
36019657	IES Primeiro de Marzo	Baiona	Pontevedra	-Bacharelato de humanidades e ciencias sociais
				-Bacharelato de ciencias da natureza e da saúde
				-Bacharelato de tecnoloxía
				-Programas de garantía social:
				GF12B01 Auxiliar de perrucaría
				GF16B03 Axudante de reparación de automóbiles
36000247	CPI Cova Terreña	Baiona	Pontevedra	-Educación especial
				-Educación infantil
				-Educación primaria
				-Educación secundaria
				-D100000 Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I
				-D200000 Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II
-D300000 Educación secundaria para persoas adultas, nivel III (modalidade presencial)				

Orde do 2 de abril de 2007 pola que se convocan axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia do ano 2007, en réxime de concorrencia competitiva.

O Sistema Público de I+D en Galicia, en particular no ámbito do sistema universitario, amosa unha marcada fragmentación, o que se traduce na existencia de poucas unidades ou grupos de investigación que teñan dimensión suficiente para xerar resultados competitivos ou acceder aos recursos dispoñibles no ámbito estatal e internacional. Ao mesmo tempo, o SUG ofrece unha constatable desestruturación e dispersión de capacidades que (i) reduce a súa masa crítica real e, por conseguinte, a súa potencialidade científica e tecnolóxica, e (ii) condiciona a converxencia e complementariedade de recursos en obxectivos de alcance e en actuacións transdisciplinares, o que limita a súa proxección sobre o sistema de innovación.

Por iso, e co obxectivo de estruturar, especializar e consolidar as unidades de investigación do SUG, cómpre dispor dun programa de actuación que integre instrumentos que potencien a organización competitiva e a dotación dos recursos necesarios para dar un salto significativo na calidade dos resultados

e no alcance e impacto da produción científica. Esa é a finalidade do programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas.

Este programa persegue un dobre resultado: dunha banda, contribuír á ordenación e consolidación dos recursos e actividade investigadora das universidades, en consonancia cos obxectivos estratéxicos establecidos pola Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG. Por outra, promover unha máis efectiva presenza e articulación da investigación universitaria no conxunto do Sistema Galego de Innovación, en coherencia cos obxectivos e prioridades establecidos pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Este esforzo de organización competitiva debe concretarse inicialmente, e entre outras medidas, en tres direccións complementarias:

-En primeiro lugar, na consolidación dos grupos de investigación máis competitivos do SUG, que contan cunha situación de partida favorable, e nos que unha achega suplementaria de recursos durante un período continuado debe ter un efecto multiplicador e estabilizador importante.

-En segundo lugar, no obxectivo de estruturar e articular o SUG, a partir de redes de investigación ou unidades organizativas de rango superior ao grupo, na medida en que a agrupación de investigadores

de diferentes grupos e institucións permitirá acadar capacidades complementarias e, polo tanto, obter mellores resultados na investigación e no acceso competitivo aos recursos.

-En terceiro lugar, na promoción de novos grupos de investigación que posibiliten o inicio de liñas de investigación innovadoras no SUG, ao tempo que favorezan o máximo retorno da formación recibida polos investigadores mozos que se incorporan ao sistema.

Ademais, esta convocatoria quere contribuír a reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación no sistema universitario de Galicia, en cumprimento do compromiso de eliminación de discriminacións entre homes e mulleres que recolle o artigo 1 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres. Por iso, as axudas que se regulan nestas convocatorias terán en consideración o peso relativo das mulleres nas propostas presentadas, de xeito que se potencie o seu número e a calidade do seu traballo.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, sen prexuízo das competencias atribuídas á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria, a promoción e a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do sistema universitario de Galicia (SUG), para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de Innovación. Tal xestión concrétese na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da actividade investigadora do SUG, así como da calidade dos seus medios e resultados. Ademais, deberá contribuír á ordenación e complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación. Así mesmo, terá presente en todo momento a necesidade de transferencia de coñecemento á sociedade galega a través da promoción da óptima xestión dos resultados de investigación xerados polo SUG, incentivando a súa orientación ás demandas sociais, económicas e ambientais da comunidade autónoma.

En virtude destas competencias, a Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia procede a esta convocatoria para o ano 2007, dando continuidade ao programa posto en marcha no 2006 e en liña coas accións que se recollen no Incite -Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

Esta convocatoria establece as condicións, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, para o acceso no ano 2007 as axudas para consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do sistema universitario de Galicia, mediante catro modalidades:

a) Grupos de referencia competitiva pola súa actividade de investigación: axudas para a consolidación

de grupos de investigación que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema Ciencia-Tecnoloxía de Galicia. As condicións detállanse no anexo I.

b) Unidades de transferencia: axudas á consolidación de grupos ou estruturas de investigación cuxo valor de referencia no sistema de innovación e o seu posicionamento competitivo en I+D se proxecte sobre accións e servizos de transferencia de coñecemento e tecnoloxía. As condicións detállanse no anexo II.

c) Grupos emerxentes: axudas a investigadores mozos para a constitución e desenvolvemento dun grupo de investigación, sempre que constaten contribucións científico-técnicas relevantes e con liñas de traballo diferenciadas e innovadoras no Sistema Ciencia-Tecnoloxía de Galicia. As condicións detállanse no anexo III.

d) Redes de investigación: axudas para potenciar a colaboración, complementariedade e a integración de capacidades entre grupos de investigación do SUG que amosen na súa proposta o efecto da relación conxunta na consecución de obxectivos asociados ao desenvolvemento de masa crítica, na articulación de ciclos científico-tecnolóxicos e na creación de comunidades de aprendizaxe. As condicións detállanse no anexo IV.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das modalidades da axuda a), b) e d) indicadas no artigo anterior os grupos de investigación das universidades do sistema universitario de Galicia, recoñecidos como tales pola súa universidade de orixe, sempre que cumpran os requisitos establecidos nos anexos I, II e IV respectivamente.

Poderán ser beneficiarios da modalidade de axuda c) indicada no artigo anterior os investigadores mozos que acrediten a súa pertenza ao sistema universitario de Galicia e que cumpran os requisitos establecidos no anexo III.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por Investigador PDI o persoal docente investigador do sistema universitario de Galicia con categoría de doutor, asumíndose nesta cualificación o persoal contratado doutor vinculado por programas competitivos de dotación de persoal, en particular os procedentes dos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal ou Juan de La Cierva, sempre que formen parte dun grupo de investigación no rexistro da universidade correspondente.

Artigo 3º.-Conceptos subvencionables.

Nas tres modalidades, os importes irán destinados a financiar os seguintes conceptos:

1. Custo de persoal investigador ou auxiliar que contrate o grupo. Na modalidade de redes de investigación requirirase a designación de persoal dedicado de xeito específico ás funcións de xestión da rede e, en particular, ao apoio na elaboración do seu plan de funcionamento.

2. Pequeno equipamento e funxible, e custos de mantemento derivados de materiais, subministracións, instrumental, etc.

3. Material bibliográfico e asociación a sociedades científicas.

4. Formación dos membros do grupo.

5. Viaxes.

6. Investigadores visitantes.

7. Organización de actividades de difusión.

8. Asesoramento externo para establecer o plan estratéxico do grupo ou da rede.

9. Actividades para xerar rede, non só entre os promotores, senón tamén con terceiros: por exemplo, actividades de formación conxuntas, estadías de intercambio do persoal, investigadores visitantes, actividades de difusión conxuntas, deseño e posta en marcha de ferramentas para compartir coñecemento, tarefas de comunicación, etc.

10. Calquera outro custo necesario para o desenvolvemento do grupo ou rede cara aos obxectivos establecidos.

Artigo 4º.-Formalización e presentación de solicitudes.

As solicitudes, segundo o modelo oficial cuxa portada se achega como anexo a esta orde, están ao dispor dos interesados nas dependencias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e na internet no enderezo <http://www.edu.xunta.es> e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias. Se no uso deste dereito a solicitude é remitida por correo, presentarase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de que proceda á súa certificación.

As solicitudes desta convocatoria poderán presentarse tamén nos rexistros das universidades do sistema universitario de Galicia. Estes rexistros deberán remitir as solicitudes á Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG no prazo de dez (10) días naturais contados desde o seguinte ao de peche desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas polo coordinador (ou equivalente) do grupo de investigación que solicite a axuda. No caso da modalidade de redes, o solicitante será o coordinador do grupo de investigación que asuma as tarefas de xestión da rede.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante ou do documento equivalente no caso de ser nacional doutro país membro da Unión Europea ou da tarxeta de residente, no caso de nacionais doutros países.

b) Documentos que, se é o caso, acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria. No caso das publicacións, deberán presentar copia das máis relevantes do período considerado.

c) Deberán achegar certificado da composición do grupo emitido pola universidade de orixe, indicando o código e a denominación de grupo ou achegando a ficha normalizada de grupo.

d) Deberán, así mesmo, presentar certificación de ingresos competitivos obtidos polos solicitantes, expedida pola universidade de orixe.

Para efectos desta convocatoria enténdese por ingresos competitivos os correspondentes a proxectos de I+D financiados por convocatorias públicas e os correspondentes a contratos/convenios de I+D ou de servizos de innovación, así como os premios de investigación. Non se terán en conta as axudas para infraestruturas, as bolsas e axudas a accións de divulgación e produción científica, nin as axudas correspondentes a programas de recursos humanos.

e) Memoria descritiva da estratexia de investigación, estruturación e consolidación que vai seguir o grupo ou rede, e que xustifica a necesidade desta axuda. Nesta memoria deberán cuantificarse os obxectivos desta estratexia, tendo en conta os criterios establecidos no anexo correspondente á axuda solicitada.

f) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, de todas as administracións públicas ou polos seus organismos ou sociedades, consonte o documento que se inclúe no modelo de solicitude.

g) *Curriculum* normalizado dos PDI do grupo, en soporte CD. De non ser presentado, tomarase en consideración o correspondente dispoñible no Rexistro de Investigadores de Galicia (Riga).

h) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

i) Consentimento expreso á Administración para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvención recibidas, así como ás sancións impostas. A reserva que podería facer o petionario no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

O prazo de presentación de solicitudes será de 31 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no DOG.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

De conformidade co artigo 43 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, a presentación das solicitudes comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a

través de certificados telemáticos, polo que queda liberado o solicitante de achegar a correspondente certificación.

Artigo 5º.-Tramitación.

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG.

Os servizos da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia comprobarán que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporán a lista de solicitudes admitidas e excluídas sinalando, se é o caso, as causas de exclusión, na internet no enderezo <http://www.edu.xunta.es/>.

Esta lista estará exposta do 18 de xuño ao 2 de xullo de 2007, podendo os interesados, durante ese mesmo prazo, formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos ante a Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerárase que o interesado desiste da súa petición nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de desestimación da solicitude presentada con independencia de que se poidan acordar outro tipo de actuacións.

Artigo 6º.-Avaliación e selección.

A selección dos beneficiarios das axudas realízase a partir da suma das valoracións feitas por un cadro de avaliadores e pola comisión de selección.

O cadro de avaliadores estará formado por expertos de fóra do sistema universitario de Galicia designados polo director xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG, e cubrirán os diferentes ámbitos temáticos da convocatoria. A valoración das solicitudes presentadas referirase á produción e calidade científica dos grupos e candidatos, así como á súa actividade investigadora e á idoneidade da programación proposta de acordo cos obxectivos de cada unha das modalidades da convocatoria. O cadro poderá asinar ata un máximo de 90 puntos a cada solicitude.

Os criterios de avaliación establécense atendendo a:

a) Producción científica:

a1. Nivel de excelencia da produción científica e a produtividade de acordo coa dimensión da rede, estrutura ou grupo de investigación avaliado.

a2. Capacidade de formación de investigadores, a partir da consideración do número de bolseiros e contratados predoutorais e posdoutorais, teses dirixidas e posgraos ou doutoramentos impulsados ou vinculados ás liñas de investigación da rede ou grupo de investigación avaliado.

a3. Existencia e utilidade dos resultados de investigación medidos a partir da solicitude de patentes e outros resultados obtidos polos candidatos.

b) Actividade de I+D: financiamento e transferencia:

b1. Obtención de financiamento a través de convocatorias competitivas, por proxectos de investigación, atendendo especialmente ao liderado dos proxectos.

b2. As accións de transferencia de coñecemento mediante contratos ou convenios de investigación ou de transferencia de tecnoloxía con administracións públicas ou empresas.

c) Organización:

c1. Composición, estrutura, interdisciplinabilidade e coherencia do grupo ou da rede e da súa actividade. Na modalidade de redes prestaráselle atención á capacidade de integración de grupos con diferente nivel de consolidación e experiencia investigadora, amosando na práctica a cultura de cooperación e complementariedade que require a articulación do SUG.

c2. Liderado do grupo ou composición maioritariamente femininos.

d) Obxectivos e actividades propostos:

d1. Valorarase a calidade e viabilidade da proposta de desenvolvemento do grupo ou rede que os candidatos presenten coa solicitude, e de acordo cos obxectivos da convocatoria.

d2. Valorarase, así mesmo, a divulgación e promoción científica dos resultados: programa ou accións de comunicación, promoción, difusión ou didáctica da actividade de investigación.

A valoración farase chegar á comisión de selección, que elaborará a proposta de resolución de acordo coas bases da convocatoria, as avaliacións correspondentes, a dispoñibilidade de recursos e os obxectivos de ordenación, consolidación e articulación que suscita esta actuación.

A comisión de selección estará constituída por seis membros:

-O titular da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa na que delegue, que actuará como presidente da comisión.

-Serán vogais tres representantes do SUG (un por cada universidade), un funcionario da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG (que actuará como secretario), e o presidente dos cadros de expertos de avaliación.

Esta comisión poderá conceder ata 10 puntos a cada solicitude, para o que se terán en conta os seguintes criterios:

-Interese, relevancia e oportunidade dos obxectivos da solicitude para a estruturación e fortalecemento do conxunto das áreas de investigación do sistema universitario de Galicia.

-Potencialidade dos obxectivos da solicitude para atender os obxectivos científico-tecnolóxicos prioritarios para o sistema público de I+D.

Artigo 7º.-Resolución.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelle á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria sen prexuízo da súa posible delegación noutros órganos da consellería. A comisión de selección elevará a proposta de resolución, que incluirá

a relación de candidatos seleccionados e a lista de reserva, á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

No texto da resolución individual aparecerán os obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede obxecto da axuda, segundo o establecido nos respectivos anexos.

Todas as solicitudes serán resoltas no prazo máximo de seis meses, contados desde a publicación desta orde. A non-resolución en prazo faculta os interesados para entenderen desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución expresa ou presunta que poña fin á vía administrativa, poderá ser impugnada polos interesados mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación da resolución no DOG, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Os asinantes das solicitudes denegadas ou desestimadas poderán recuperar a documentación presentada, no prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das axudas no *Diario Oficial de Galicia*. Pasado ese prazo, aquela documentación que non fose recollida será destruída, agás a que fose obxecto de recurso.

Artigo 8º.-Libramento da subvención.

A subvención será librada a través da universidade á que pertenza o solicitante, conforme o plan de necesidades do proxecto subvencionado e de acordo coa normativa vixente.

Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente, como entidade colaboradora, expida, na data límite do 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto acompañada dunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede.

Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

Poderán realizarse pagamentos parciais conta da liquidación final nas condicións establecidas na normativa vixente.

Nos proxectos plurianuais enténdese que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata

o final de ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderán presentarse como xustificante para o cobramento desta anualidade.

Artigo 9º.-Modificación da resolución de concesión de axudas.

Poderase modificar a resolución de concesión da axuda, tal como se especifica no artigo 12 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, cando se alteren as condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, pola obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais.

As axudas concedidas serán compatibles con outras axudas ou subvencións, de acordo co establecido na normativa aplicable. Esta compatibilidade estará limitada nos seguintes casos:

a) Cando o importe das axudas concedidas, illadamente ou en concordancia con outras, supere o custo da actividade subvencionada. Por iso, cando a entidade beneficiaria reciba outros fondos cos mesmos obxectivos que os establecidos nesta convocatoria, deberá poñelo en coñecemento da Dirección Xeral de Promoción Científica Tecnolóxica do SUG.

b) Cando o beneficiario teña concedida outra axuda desta consellería para a mesma actividade. En particular, as axudas desta convocatoria serán incompatibles coas concedidas para consolidación e estruturación de unidades de investigación (en calquera das dúas convocatorias que foron publicadas en 2006), sempre que correspondan á mesma modalidade de axuda.

c) As axudas das modalidades a) e b) (cando sexan solicitadas por un único grupo) serán incompatibles coas axudas a grupos de investigación: modalidade incentivos para a participación noutros programas do Incite -Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica cando a solicitude desta última corresponda a proxectos concedidos en convocatorias estatais. A incompatibilidade será aplicable as axudas solicitadas ou concedidas con posterioridade á resolución desta convocatoria.

Artigo 10º.-Reintegro da axuda.

Os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e dos xuros de demora devengados, desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos no punto 10º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime orzamentario de Galicia.

Artigo 11º.-Renuncia das axudas.

No caso de que o beneficiario renunciase ás axudas unha vez percibidas, procederase consonte o establecido no artigo anterior.

Artigo 12º.-Seguimento dos proxectos.

A Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG poderá utilizar os procedementos que considere precisos para coñecer o desenvolvemento da acción financiada e o investimento das

cantidades achegadas. Poderanse solicitar informes parciais que acrediten a execución do proxecto en curso e dean conta dos resultados obtidos ata ese momento.

As bases que rexen a concesión das axudas e todos cantos actos administrativos deriven da súa aplicación poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de marzo.

Artigo 13º.-Dotación orzamentaria.

As axudas imputaranse á aplicación orzamentaria 09.05.422C.744.0 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, na que existe crédito axeitado e suficiente. As cantidades, que aparecen desagregadas no cadro seguinte, poderán incrementarse ou redistribuírse entre cada modalidade en función das peticións presentadas e de acordo coas disponibilidades de créditos:

Crédito (en euros)

	2007	2008	2009	2010
Modalidade a)	1.800.000	1.800.000	1.700.000	1.700.000
Modalidade b)	1.000.000	1.000.000	900.000	900.000
Modalidade c)	480.000	480.000	480.000	0
Modalidade d)	720.000	720.000	720.000	0
Total	4.000.000	4.000.000	3.800.000	2.600.000

Disposicións derradeiras

Primeira.-Esta orde sométese ao réxime de axudas públicas establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Aplicarase o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, no que non se opoña.

Segunda.-Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2007.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Grupos de referencia competitiva pola súa actividade de investigación

1. Obxecto da axuda.

Axudas para a consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica

e a súa actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema Ciencia-Tecnoloxía de Galicia.

2. Requisitos.

Ser un grupo de investigación do SUG recoñecido pola universidade de orixe que cumpra os criterios seguintes:

* En canto á organización da unidade:

1. Número de investigadores PDI: polo menos 5.

2. Estabilidade e proxección do grupo: acreditar o carácter estable do grupo como consecuencia da súa produción científica conxunta e continuada, un financiamento competitivo e diversificado acorde coa dimensión do grupo, así como capacidade para formar e contratar investigadores mozos.

* Produción científica no período 2004-2006 (polo menos 2 dos seguintes criterios):

3. Sexenios recoñecidos: 4 sexenios.

4. Produtividade media anual (en publicacións de ámbito internacional): polo menos 2 publicacións asinadas por membros do grupo.

5. Teses dirixidas e lidas: polo menos 2 teses.

6. Nº de patentes rexistradas: polo menos 2 patentes.

7. Nº de acordos de explotación ou empresas (EBT) xerados a partir de resultados obtidos polo grupo: polo menos 1 acordo ou 1 EBT.

* Actividade de I+D no período 2004-2006 (polo menos 1 dos seguintes criterios):

8. Nº de proxectos competitivos, activos no período: polo menos 3 proxectos.

9. Ingresos medios anuais por actividades de I+D: superior a 250.000 €.

3. Contía e duración.

As axudas serán de aplicación por un período de dúas anualidades prorrogables a outras dúas, mediante o pagamento anual dunha contía fixa mais outra variable asociada á evolución na xeración de recursos por parte do grupo como un indicador xenérico da súa competencia e capacidade de consolidación. En consecuencia, a axuda constará de dous módulos.

1. Módulo fixo: por importe de 50.000 euros anuais.

2. Módulo variable, acumulable ao anterior, en función dos ingresos anuais medios do grupo nos tres exercicios anteriores á concesión (2004-2006), segundo os seguintes tramos:

-Ingresos medios de 200.000 a 300.000 €: ata 20.000 anuais.

-Ingresos medios de 300.000 a 400.000 €: ata 35.000 anuais.

-Ingresos medios superiores a 400.000 €: ata 55.000 anuais.

No momento da concesión da prórroga, o módulo variable recalcularase tendo en conta os ingresos obtidos nos tres exercicios anteriores.

4. Criterios de avaliación.

Para esta modalidade de axuda, os criterios de avaliación previstos para o cadro de avaliadores no artigo 6º desta orde serán ponderados de acordo con:

- a) Produción científica, puntuación máxima: 35.
 - a1. Ata 20 puntos.
 - a2. Ata 10 puntos.
 - a3. Ata 5 puntos.
- b) Actividade de I+D: financiamento e transferencia, puntuación máxima: 30.
 - b1. Ata 20 puntos.
 - b2. Ata 10 puntos.
- c) Organización do grupo, puntuación máxima: 10.
- d) Obxectivos e actividades propostos, puntuación máxima: 15.
 - d1. Ata 10 puntos.
 - d2. Ata 5 puntos.

Para efectos de materializar os obxectivos xerais que establece o programa, así como para establecer as pautas de avaliación na concesión da prórroga prevista, o grupo deberá propoñer na memoria de actividades uns obxectivos de consolidación e estruturación que, en función das súas fortalezas e debilidades actuais, deberá considerar aspectos de:

-Fortalecemento e desenvolvemento da estrutura organizativa.

-Desenvolvemento da capacidade de externalización e proxección internacional.

-Competencia en canto á participación en convocatorias competitivas e diversificación das fontes de financiamento.

-Xestión eficiente dos resultados de investigación e da interacción co tecido socioeconómico; estes obxectivos aparecerán recollidos na resolución de concesión, na que se poderán modificar os propostos polo grupo.

ANEXO II

Unidades de transferencia

1. Obxecto da axuda.

Axudas á consolidación de grupos ou estruturas de investigación cuxo valor de referencia no sistema de innovación e o seu posicionamento competitivo en I+D se proxecte sobre accións e servizos de transferencia de coñecemento e tecnoloxía.

Por estruturas de investigación enténdense as agrupacións cun nivel de agregación superior ao grupo de investigación -tales como institutos de investigación, centros de competencia técnica, unidades tecnolóxicas ou áreas de investigación- que, no marco dun ámbito organizativo recoñecido pola insti-

tución de orixe, desenvolvan unha actividade colaborativa ou complementaria con obxectivos de I+D e transferencia.

2. Requisitos.

Ser un grupo ou estrutura de investigación do SUG recoñecido pola universidade de orixe que cumpra os criterios seguintes:

* En canto á organización da unidade:

1. Número de investigadores PDI: polo menos 5.

2. Organización do grupo ou estrutura de investigación: acreditar a achega da organización do grupo ou estrutura de cara á consolidación e proxección da súa actividade de transferencia.

* Actividade de transferencia no período 2004-2006 (polo menos 1 dos seguintes criterios):

3. Ingresos medios anuais por contratos de I+D e servizos tecnolóxicos: superior a 150.000 €.

4. Estudos, informes e servizos de interese social ou cultural: polo menos 4 actividades, cun importe medio non inferior a 15.000 €.

* Produción científica no período 2004-2006 (polo menos 2 dos seguintes criterios):

5. Produtividade media anual (en publicacións de ámbito internacional): polo menos 2 publicacións asinadas por membros do grupo ou estrutura de investigación.

6. Teses dirixidas e lidas: polo menos 2 teses.

7. Nº de proxectos competitivos, activos no período: polo menos 2 proxectos.

8. Nº de patentes rexistradas: polo menos 2 patentes.

9. Nº de acordos de explotación (ou licenza de patente) ou empresas xeradas a partir de resultados obtidos polo grupo: polo menos 1 acordo ou 1 EBT.

3. Contía e duración.

As axudas serán de aplicación por un período de dúas anualidades prorrogables a outras dúas, mediante o pagamento anual dunha contía fixa máis outra variable asociada á evolución na xeración de recursos por parte do grupo como un indicador xenérico da súa competencia e capacidade de consolidación. En consecuencia, a axuda constará de dous módulos.

1. Módulo fixo: por importe de 50.000 euros anuais cando a solicitude estea apoiada por tres ou menos grupos; ou ben por importe de 100.000 euros anuais cando a solicitude estea apoiada por unha estrutura que integra máis de tres grupos.

2. Módulo variable, acumulable ao anterior, en función dos ingresos anuais medios do grupo nos tres exercicios anteriores á concesión (2004-2006), segundo os seguintes tramos:

-Ingresos medios de 200.000 a 300.000 €: ata 20.000 € anuais.

-Ingresos medios de 300.000 a 400.000 €: ata 35.000 € anuais.

-Ingresos medios superiores a 400.000 €: ata 55.000 € anuais.

No momento da concesión da prórroga, o módulo variable recalculárase tendo en conta os ingresos obtidos nos tres exercicios anteriores.

4. Criterios de avaliación.

Para esta modalidade de axuda, os criterios de avaliación previstos para o cadro de avaliadores no artigo 6º desta orde serán ponderados de acordo con:

- a) Producción científica: puntuación máxima: 25.
 - a1. Ata 15 puntos.
 - a2. Ata 5 puntos.
 - a3. Ata 5 puntos.
- b) Actividade de I+D: financiamento e transferencia, puntuación máxima: 40.
 - b1. Ata 15 puntos.
 - b2. Ata 25 puntos.
- c) Organización do grupo, puntuación máxima: 10.
- d) Obxectivos e actividades propostos, puntuación máxima: 15.
 - d1. Ata 10 puntos.
 - d2. Ata 5 puntos.

Para efectos de materializar os obxectivos xerais que establece o programa, así como establecer as pautas de avaliación na concesión da prórroga prevista, o grupo deberá propoñer na memoria de actividades uns obxectivos de consolidación e estruturación que, en función das súas fortalezas e debilidades actuais, deberá considerar aspectos de:

-Fortalecemento e desenvolvemento da estrutura organizativa.

-Desenvolvemento da capacidade de externalización e proxección internacional.

-Competencia en canto á participación en convocatorias competitivas e diversificación das fontes de financiamento.

-Xestión eficiente dos resultados de investigación e da interacción co tecido socioeconómico; estes obxectivos aparecerán recollidos na resolución de concesión, na que se poderán modificar os propostos polo grupo.

ANEXO III

Grupos emerxentes promovidos por investigadores mozos

1. Obxecto da axuda.

Axudas a investigadores mozos para a constitución e desenvolvemento dun grupo de investigación, sempre que constaten contribucións científico-técnicas relevantes e con liñas de traballo diferenciadas e innovadoras no Sistema Universitario de Galicia.

2. Requisitos.

Ser un investigador mozo que estea a crear un grupo de investigación, tendo en conta os seguintes criterios:

a) Que o investigador principal non teña feitos os 40 anos no exercicio da publicación desta convocatoria. Excepcionalmente, poderá considerarse a participación de investigadores de maior idade que procedan do programa Ramón y Cajal ou que acrediten a súa incorporación ao sistema Ciencia-Tecnoloxía de Galicia nos dous anos anteriores á publicación da convocatoria.

b) Que o investigador principal teña vinculación estable coa universidade ou vinculación temporal de duración non inferior á de vixencia desta axuda e derivada dunha convocatoria de contratación competitiva (por exemplo, programa Ramón y Cajal, programa Parga Pondal ou programa Marie Curie).

c) Que o investigador principal constate contribucións científico-técnicas relevantes e con liñas de traballo diferenciadas e innovadoras no Sistema Universitario de Galicia. De acordo co anterior, a constitución do novo grupo non debe supoñer unha fractura de grupos previos nin duplicar liñas de traballo vixentes no SUG, con obxectivos e técnicas similares.

d) Que o investigador principal conte cunha experiencia investigadora acreditable superior a 12 meses en centros de fóra da Comunidade Autónoma galega. De acordo co anterior, priorizaranse as iniciativas promovidas por investigadores adscritos ao programa Ramón y Cajal ou Parga Pondal, ou aqueles recentemente incorporados ao SUG mediante vía competitiva.

3. Contía e duración.

As axudas serán de aplicación por un período de dous anos, prorrogables por outro, mediante o pagamento dunha contía anual establecida nun máximo de 30.000 € por grupo.

4. Criterios de avaliación.

Para esta modalidade de axuda, os criterios de avaliación previstos para o cadro de avaliadores no artigo 6º desta orde serán ponderados de acordo con:

- a) Producción científica, puntuación máxima: 45.
 - a1. Ata 35 puntos.
 - a2. Non procede.
 - a3. Ata 10 puntos.
- b) Actividade de I+D: financiamento e transferencia, puntuación máxima: 25.
 - b1. Ata 15 puntos.
 - b2. Ata 10 puntos.
- c) Organización do grupo, puntuación máxima: -
- d) Obxectivos e actividades propostos, puntuación máxima: 20.
 - d1. Ata 15 puntos.
 - d2. Ata 5 puntos.

Para efectos de materializar os obxectivos xerais que establece o programa, así como establecer as pautas de avaliación na concesión da prórroga prevista, o grupo deberá establecer na memoria de actividades uns obxectivos de consolidación e estruturación relacionados cos criterios de avaliación descritos no artigo 6º desta orde. Os obxectivos de cada grupo deberán establecerse tendo en conta:

-O fortalecemento e desenvolvemento da estrutura organizativa.

-O desenvolvemento da capacidade de relación e integración no sistema de I+D, así como de externalización e proxección internacional.

-A competencia en canto á participación en convocatorias competitivas e diversificación das fontes de financiamento.

-A xestión eficiente dos resultados de investigación e da interacción co tecido socioeconómico.

ANEXO IV

Redes de investigación

1. Obxecto da axuda.

Axudas para potenciar a colaboración, complementariedade e a integración de capacidades entre grupos de investigación do SUG que amosen na súa proposta o efecto da relación conxunta na consecución dos seguintes obxectivos:

i. Propiciar o desenvolvemento de masa crítica e complementariedade sustentable en ámbitos de investigación innovadores en Galicia.

ii. Favorecer a interdisciplinaria, transdisciplinaria ou articulación de ciclos científico-tecnolóxicos optimizando a competitividade na xeración de resultados e a capacidade de transferencia de coñecemento, en ámbitos de especial relevancia para o SUG ou para os sectores produtivos de Galicia.

iii. Incentivar a articulación de grupos de investigación no marco do SUG promovendo, así mesmo, a relación entre grupos con diferentes graos de consolidación, de xeito que se favoreza o crecemento complementario e a creación de comunidades de aprendizaxe.

2. Requisitos.

O solicitante deberá ser un grupo de investigación do SUG (denominado coordinador) que, coa adhesión de polo menos outros tres grupos, promova o desenvolvemento de obxectivos e actividades conxuntas e complementarias. Respecto deses grupos que formarán a rede terase en conta:

a) Competencia científica no ámbito da rede proposta.

b) Contribución á articulación do SUG, valorable a partir da capacidade de integración de grupos consolidados e emerxentes ou da organización interuniversitaria.

c) Calidade e pertinencia no marco do Sistema de Innovación de Galicia dos obxectivos da rede proposta.

d) Experiencia previa de colaboración acreditable.

Tanto a experiencia de colaboración previa como a competencia científica enténdense avaliábeis no marco da rede, e non para a totalidade dos seus futuros membros.

3. Contía e duración.

A axuda consistirá nunha contía por rede de ata 60.000 € anuais, que será aboada ao grupo que asuma a coordinación da rede.

As axudas serán de aplicación por un período de dous anos, prorrogables por outro, mediante o pagamento dunha contía fixa anual ao grupo que coordine a rede.

Para efectos de materializar os obxectivos xerais que establece o programa, así como establecer as pautas de avaliación na concesión da prórroga prevista, os grupos que forman a rede deberán cumprir os seguintes obxectivos:

a) Diseñar no primeiro ano un plan de funcionamento da rede que inclúa protocolos de actuación, estratexias de extensión e consolidación da rede e obxectivos de xeración de resultados.

b) No segundo ano, os grupos integrantes da rede, polo menos nunha proporción significativa, deberán ter participado en convocatorias competitivas a través de proxectos nos que se materialice de xeito que faga fe a colaboración e os obxectivos científicos establecidos para a rede.

4. Criterios de avaliación.

Para esta modalidade de axuda, os criterios de avaliación previstos para o cadro de avaliadores no artigo 6º desta orde serán ponderados de acordo con:

a) Producción científica, puntuación máxima: 30.

a1. Ata 15 puntos.

a2. Ata 5 puntos.

a3. Ata 10 puntos.

b) Actividade de I+D: financiamento e transferencia, puntuación máxima: 20.

b1. Ata 15 puntos.

b2. Ata 5 puntos.

c) Organización do grupo, puntuación máxima: 10.

d) Obxectivos e actividades propostos, puntuación máxima: 30.

d1. Ata 15 puntos.

d2. Ata 15 puntos.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Dirección Xeral de Promoción Científica e
 Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia

PROCEDIMENTO AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS - ANO 2007	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED431B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/A REPRESENTANTE DO GRUPO SOLICITANTE
 (ou do/a investigador/a mozo/a na modalidade de grupos emerxentes)**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
UNIVERSIDADE	POSTO DOCENTE	DEPARTAMENTO	
TELÉFONO	EXTENSIÓN	CORREO ELECTRÓNICO	PROVINCIA
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE

MODALIDADE DA AXUDA (indicar o que corresponda) <input type="checkbox"/> GRUPOS DE REFERENCIA COMPETITIVA <input type="checkbox"/> UNIDADES DE TRANSFERENCIA <input type="checkbox"/> GRUPOS EMERXENTES PROMOVIDOS POR INVESTIGADORES MOZOS <input type="checkbox"/> REDES DE INVESTIGACIÓN	RAMAS (indicar o que corresponda) <input type="checkbox"/> SAÚDE <input type="checkbox"/> CIENTÍFICAS <input type="checkbox"/> SOCIAIS E XURÍDICAS <input type="checkbox"/> HUMANIDADES E ARTÍSTICAS <input type="checkbox"/> ENXEÑARÍAS E ARQUITECTURA
--	---

Visto e prace da autoridade que representa legalmente a universidade solicitante

Apelidos nome: _____

Cargo: _____

, de _____ de 200

Asdo.: _____

DECLARA QUE:

Dá expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 2 de abril de 2007 pola que se convocan axudas para consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia do ano 2007, en réxime de concorrencia competitiva.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE _____ _____, de _____ de 200		

Orde do 9 de abril de 2007 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2007/2008, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

A disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio) establece que as administracións educativas fixarán anualmente o calendario escolar e que este comprenderá un mínimo de 175 días lectivos para o ensino obrigatorio.

Tendo en conta que as funcións de planificación, regulación e administración do ensino regrado son competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co obxecto de fixar o calendario escolar e as actividades de fin de curso para o curso 2007/2008 nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPOÑO:

Capítulo I Calendario escolar

Artigo 1º.-Aprobación.

Apróbase o calendario escolar para o curso 2007/2008 coas especificacións que se sinalan.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Esta orde é de aplicación en todos os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos.

Artigo 3º.-Duración do curso académico.

1. O curso académico abranguerá desde o día 1 de setembro de 2007 ata o 31 de agosto de 2008.

2. Nos primeiros días do mes de setembro e ata o día 6 como máximo realizaranse as probas correspondentes á convocatoria extraordinaria do curso 2006/2007 para os alumnos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

3. As sesións de avaliación e a entrega de cualificacións da devandita convocatoria extraordinaria poderán realizarse ata o día 7 de setembro, incluído.

4. Sen prexuízo do establecido no artigo 10º desta orde, nos días en que se celebren as probas extraordinarias, serán de aplicación o punto 107 das instrucións que regulan a organización e o funcionamento dos institutos de educación secundaria, aprobadas pola Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), o punto 127 das instrucións que regulan a organización e o funcionamento dos centros públicos integrados, aprobadas pola Orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro) e o punto ñ do artigo 81 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, aprobado polo Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro) naqueles centros en que se imparte o 1º ciclo da educación secundaria obrigatoria. Para tal fin, as direccións dos centros elaborarán o correspondente horario de gardas.

5. Os alumnos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, que non puidesen matricularse no prazo ordinario, poderán facelo no prazo extraordinario, que rematará o día 12 de setembro de 2007, incluído.

Artigo 4º.-Comedores escolares dos centros públicos.

1. Os comedores escolares funcionarán en educación primaria desde o día 12 de setembro de 2007 ata o 20 de xuño de 2008. En educación secundaria obrigatoria funcionarán desde o 19 de setembro de 2007 ata o 20 de xuño de 2008.

2. Os delegados provinciais poderán autorizar a modificación das datas de inicio e final do servizo de comedor escolar naqueles centros en que concorran circunstancias excepcionais debidamente xustificadas que así o aconsellen.

Artigo 5º.-Actividades lectivas.

1. No 2º ciclo de educación infantil, na educación especial e na educación primaria, as actividades lectivas realizaranse do día 12 de setembro de 2007 ao 20 de xuño de 2008, ambos os dous inclusive.

2. Na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato, as actividades lectivas realizaranse entre os días 3 e 6 de setembro de 2007, ambos os dous inclusive, de conformidade co establecido no artigo 3º.2 desta orde, e do 19 de setembro de 2007 ao 20 de xuño de 2008, ambos os dous inclusive. Non obstante o anterior, para o segundo curso de bacharelato as actividades lectivas ordinarias rematarán de acordo coas datas previstas para as probas de aptitude para o acceso á universidade.

3. Nos programas de garantía social, as actividades lectivas comezarán o 19 de setembro de 2007 e rematarán de acordo coas datas previstas para as probas de acceso aos ciclos de grao medio de formación profesional específica.

4. En formación profesional, as actividades lectivas comezarán o 24 de setembro de 2007 e rematarán de acordo cos requirimentos horarios establecidos para cada ciclo formativo.

5. Nas ensinanzas de réxime especial, conservatorios de música e danza, así como na Escola Superior de Arte Dramática, as actividades lectivas comezarán o 19 de setembro de 2007 e o 28 de setembro de 2007, nas escolas oficiais de idiomas, nas escolas de arte e superiores de deseño, así como na Escola de Conservacións e Restauración de Bens Culturais de Galicia, e nos centros que imparten ensinanzas deportivas, e non rematarán antes do 1 de xuño de 2008.

No caso dos ciclos de grao medio e superior de artes, dos de ensinanzas deportivas, dos estudos superiores de deseño, de conservación e restauración e de arte dramática rematarán de acordo cos requirimentos horarios establecidos para cada un destes estudos.